

INFORME-PROPOSTA
CONVOCATORIA DO NIVEL AVANZADO¹
ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS
CURSO 2019-2020

BASES

1. Alumnado con dereito ao acceso ao nivel Avanzado

Terá dereito o alumno/a que teña rematado coa cualificación de apto/a o Nivel Superior da especialidade na que estea matriculado/a, e cumpra coas condicións que se recollen nas presentes Bases.

2. Características xerais do nivel Avanzado

2.1. O Nivel Avanzado consiste no desenvolvemento dun Proxecto de Fin de Estudos previamente presentado e seleccionado conforme ás normas e aos criterios que se explicitan nestas Bases. Este nivel ten carácter presencial, en sesións semanais de dúas horas de duración durante a totalidade do curso académico. A asistencia será obrigatoria para os /as seleccionados/as, cun máximo de faltas de asistencia xustificadas do 25% do total do crédito horario.

2.2. Ao remate do curso académico, unha vez avaliado e cualificado como Apto/non apto o proxecto desenvolvido, conforme ao Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEMAO2015), certificaranse 70/100 horas² correspondentes á superación do nivel AVANZADO.

3. Presentación de solicitudes

Para acceder a este nivel o/a interesado/a deberá presentar, nos prazos que se indican na presente convocatoria, un proxecto persoal directamente relacionado coa especialidade cursada. Esta proposta será informada inicialmente polo/a mestre/a titular da mesma tendo en conta as especificidades recollidas no apartado correspondente desta convocatoria.

4. Características e condicións do Proxecto de fin de estudos

4.1. Este proxecto poderá orientarse nalgunha das catro liñas seguintes:

- Investigación
- Producción
- Creación
- Ampliación de coñecementos.

¹ Nivel previsto e regulado no Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEMAO2015), aprobado pola Xunta Rectora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015 (Documento 2 Redeseño do Currículum por espe cialidades, Anexo XI) e de Modificación do PEMA02015 de 10/12/2015 -expte. 2166/13).

² Conforme ao acordo Xunta Rectora de data 10/12/2015: *A duración do nivel Avanzado poderá ampliarse en 30 horas por curso se o número e as características dos proxectos presentados así o requirisen. Tal ampliación requirirá o acordo da totalidade do alumnado matriculado no nivel Avanzado nese curso, informe do mestre/a da materia e informe favorable da xefatura de estudos coa conformidade da dirección da Escola e resolución da Concelleira-delegada de. No caso de resolución favorable, na especialidade reducirase en 30 horas o curso/s monográficos programadas para ese ano académico e incrementarase nesas horas a certificación de estudos do alumnado en cuestión.*



4.2. O alumnado admitido deberá asistir, no horario establecido para o nivel Avanzado en cada especialidade, aos talleres da EMAO, para poder ser asesorado/a e dirixido/a no desenvolvemento do proxecto, en modalidade de titoría, polo/a docente da especialidade. Isto sen prexuízo de que para o correcto desenvolvemento do proxecto, este necesite realizarse a maiores fóra das instalacións da Escola.

4.3 A selección do proxecto de fin de estudos implica a matrícula na EMAO no nivel AVANZADO da súa especialidade.

4.4. Á finalización do proxecto, que deberá ser rematado antes do fin do curso académico 2019-2020, o/a docente-titor/a emitirá un informe de valoración no que conste motivadamente se o alumno/a acadou ou non os obxectivos expresos indicados na súa memoria inicial de proxecto.

4.5. As modificacións substanciais do proxecto presentado que se é o caso se propuxesen ao longo do seu desenvolvemento, deberán ser informadas previamente polo profesor/a titor/a e autorizadas pola Comisión de Valoración citada en 5.2. que se reunirá ao efecto.

4.6. Os materiais necesarios, se é o caso, para a realización do proxecto, serán integramente por conta do alumno/a seleccionado/a, que poderá, en todo caso, utilizar os recursos dispoñibles no Taller e outros propios da Escola que, a xuízo do mestre/a titor/a, sexan pertinentes.

4.7. Se o proxecto ten como resultado algún produto material, o alumno/a poderá, se así o desexa, facer doazón ou depósito do mesmo para a Escola. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a proposta do/a xefe do Servizo de Educación municipal, tralo informe do profesor/atitor/a do proxecto, decidirá se acepta ou non a doazón ou depósito.

4.8. O alumnado seleccionado, de ser o caso, comprométese a permitir e facilitar, durante o prazo de dous cursos académicos como mínimo, a exposición pública por parte da EMAO dos elementos materiais produtos finais do desenvolvemento do proxecto, así como, se é o caso, a autorizar a publicación pola EMAO (no formato que considere) do proxecto e dos resultados.

5. Presentación e selección de proxectos

5.1. Forma e contido do proxecto:

O alumnado que cumpra as condicións requiridas poderá presentar no rexistro da Unidade Administrativa da EMAO, nos prazos indicados, o proxecto persoal que conterà **necesariamente**, como mínimo, cos seguintes apartados:

- Encabezamento: *Solicitud de selección de proxecto de Fin de estudos curso 2016-17.*
- Datos completos do alumno/a
- Nome do Proxecto
- Especialidade
- Liña do proxecto (Investigación, Producción, Creación ou Ampliación de coñecementos)
- Sinopse
- Obxectivos xerais e específicos
- Contido
- Temporalización: fases
- Resultado final esperado
- Orzamento estimado e viabilidade económica

5.2. Comisión de valoración



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 12:32

Páxina 2 de 4

Expediente 698/613

CSV: 2BEC53-D5C1D2-5955AF-2M9YTY-ELMT8N-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Unha comisión formada pola xefatura do Servizo municipal de Educación (ou técnico/a en quen delegue), xefe de estudos, o/a profesor/a da especialidade e un profesor/a elixido por cada un dos departamentos, seleccionará, de xeito libre e motivado -previo o informe escrito do profesor/a da especialidade-, aqueles proxectos que considere de interese, valorando os seguintes apartados:

- Fundamentación
- Orixinalidade
- Implicación no proxecto dos coñecementos, técnicas e destrezas adquiridos polo alumno/a durante a súa formación.
- Interese e relevancia que ten no marco da especialidade.
- Capacidade intrínseca do proxecto de xerar novo coñecemento ou fixación de aptitudes e actitudes
- Coherencia e viabilidade
- Viabilidade económica
- Deseño e presentación
- Adaptación á modalidade de titoría
- Creatividade e implicación

A Comisión de Valoración terá como función así mesmo o seguimento continuo do desenvolvemento dos proxectos e a autorización, de ser o caso, de modificación substancial dos mesmos, previo informe do/a profesor/a titor/a. Para tal fin deberá reunirse, ademais das reunións para a selección inicial, canto menos unha vez por trimestre do curso escolar.

A EMAO publicará, no Taboleiro e na web, o listado do alumnado seleccionado para o Nivel Avanzado, facendo constar as iniciais do nome e apelidos do/ alumno/a, especialidade e denominación do proxecto.

6. Prazos

- 4 de maio ao 12 de xuño de 2019, presentación de proxectos por parte do alumnado.
- 13 ao 19 de xuño de 2019, informe dos proxectos por parte do profesorado e presentación da ficha docente normalizada de cada proxecto seleccionado á Comisión citada en 5.2.
- 20 ao 25 de xuño de 2019: estudo e selección de proxectos pola Comisión de valoración
- 28 de xuño de 2019: exposición pública (taboleiro e internet) do listado de alumnado e proxectos seleccionados.

7. Reclamacións á selección dos proxectos

En desacordo coa selección realizada pola comisión de valoración poderá presentarse reclamación polo alumno/a interesado/a, perante o Servizo municipal de Educación, no prazo de un mes contado a partir da data de exposición pública dos listados de admisión.

Vistas as Bases da Convocatoria que anteceden, PROPONSE á Concelleira-delegada de Educación, resolver o seguinte:

Aprobar as Bases da Convocatoria do nivel Avanzado da EMAO para o curso 2019-2020
 RO/

Vigo, nas datas rexistrada na sinatura dixital

O TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS
 Asdo.- Rafael Ojea Pérez



Conforme,
A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN
Asdo.- María José Loureiro Bada

DECRETO

Visto o informe-proposta que antecede sobre Bases da Convocatoria do Nivel Avanzado na Escola Municipal de Artes e Oficios curso 2019-20, redactado polo técnico responsable de Educación de adultos e conformado pola xefa do Servizo Municipal de Educación,

RESOLVO de conformidade co mesmo.
MJL/

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital
A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN
Asdo.- Olga Alonso Suárez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 12:32

Páxina 4 de 4

Expediente 698/613

CSV: 2BEC53-D5C1D2-5955AF-2M9YTY-ELMT8N-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>